

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DO EXPEDIENTE QUE SE INICIOU PARA A ASIGNACIÓN DO COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AOS EMPREGADOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES AO EXERCIZO DO 2024.

Visto o expediente tramitado para a modificación do orzamento mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 67-2024, por un importe total de 55.204 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden do expediente que se iniciou para a asignación do complemento de produtividade aos empregados municipais correspondentes ao exercizo do 2024.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1781/2024, do 05.12.2024 así como o RCMOD Ref.: 81208/2024, por importe de 55.204 €, do 29.11.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Porén neste caso, débese considerar que se corresponde na súa totalidade de aplicacións orzamentarias do capítulo 1, e trátase de dar cobertura á produtividade anual xerada por todo o persoal municipal, difícil de prever no momento de elaborar o orzamento.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 55.204 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	C.P.	IMPORTE €
13200.12101	55.204,00 €	32381.15000 32382.15000 33450.15000	2432381 01	16.871,0 0 € 18.196,0 0 € 20.137,0

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac2768985434696149963.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 67-2024 Produtividade

			2432382 01	0 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	55.204,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		55.204,00 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.